

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**CENTRO: IES PEDRAS RUBIAS**

**CURSO: 4º ESO**

**MATERIA: MÚSICA**

**DEPARTAMENTO: MÚSICA**

**DATA: 15/05/2020**

# ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES**

| Criterio de avaliación  | Estándar de aprendizaxe   |
|---|---|
| B1.1. Ensaiar e interpretar, en pequeno grupo, unha peza vocal ou instrumental, ou unha coreografía, aprendidas de memoria a través da audición ou da observación de gravacións de audio e vídeo, ou mediante a lectura de partituras e outros recursos gráficos. | <p>MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades. (CSC,CAA,CCEC)</p> <p>MUB1.1.2. Le partituras como apoio á interpretación. (CCL,CMCCT,CAA)</p> <p>MUB1.1.3. Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula.(CSC)</p> |
| B1.4. Analizar os procesos básicos de creación, edición e difusión musical, considerando a intervención de distintos/as profesionais.   | MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen (CCL,CCEC,CAA)   |
| B2.1. Analizar e describir as principais características de pezas musicais apoiándose na audición e no uso de documentos como partituras, textos ou musicogramas.   | <p>MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.(CCL,CCEC)</p> <p>MUB2.1.2. Le e analiza partituras como apoio á audición.(CCL,CMCCT,CAA)</p>   |
| B2.2. Expor de xeito crítico a opinión persoal respecto de distintas músicas e eventos musicais, argumentándoa en relación coa información obtida en diversas fontes: libros, publicidade, programas de concertos, críticas, etc.                                 | MUB2.2.1. Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada. (CCL,CEC)   |
| B2.3. Utilizar a terminoloxía axeitada na análise de obras e situacións musicais.   | MUB2.3.1. Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música. (CCL)  |
| B2.5. Distinguir as funcións que cumpre a música na nosa sociedade, atendendo a diversas variables: intención de uso, estrutura formal e medio de difusión utilizado.   | MUB2.5.1. Amosa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música. (CCEC,CAA,CSC)  |

|  |   |
|--|---|
| B3.2. Coñecer a existencia doutras manifestacións musicais e consideralas como fonte de enriquecemento cultural.   | MUB3.2.1. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais.(CCEC,CCL,CAA)   |
|  | MUB3.2.2. Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana.(CEC,CCL)   |
| B3.3. Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras manifestacións artísticas.   | MUB3.3.1. Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas. (CD, CAA, SIEE)   |
| B3.4. Coñecer e analizar as características dos principais grupos e tendencias da música popular urbana actual.  | MUB4.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular. (CD, CAA, SIEE)  |
|  | MUB4.4.2. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara. (CD,CAA, SIEE)   |
| B4.1. Valorar o papel das tecnoloxías na formación musical.  | MUB4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais.(CD,CAA,SIEE)   |
|  | MUB4.1.2. Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos.(CSC,CCEC)   |
| B4.4. Caracterizar a función da música nos medios de comunicación (radio, televisión, cine, etc.) e as súas aplicacións na publicidade, nos videoxogos e noutras aplicacións tecnolóxicas. | MUB4.4.1. Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación.(CAA,CSC,CCEC) |

| <b>2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN</b>    |  |
|---|--|
| <b>AVALIACIÓN</b>                       | <b>Procedementos:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballo do alumnado consistente en: realización de exercicios de linguaxe musical, realización de exercicios sobre fichas, elaboración de traballos de presentación.</li> </ul>  |
|   | <b>Instrumentos:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Envío e posterior corrección dos traballos por correo electrónico.</li> <li>• Instrumentos de autoavaliación: nalgunhas tarefas, unha vez entregadas as mesmas, o alumnado recibe a plantilla de resposta para realizar a súa autocorrección.</li> </ul>                 |
|   | <b>Criterios de cualificación :</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Entrega de 50% de actividades: 50% nota final</li> <li>• Nota actividades: 50% nota final</li> </ul>  |
| <b>CUALIFICACIÓN FINAL</b>              | <b>Cualificación final de curso:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Media aritmética das notas da 1ª e 2ª Avaliación (despois de ser recuperadas de ser o caso) + ata 1 punto por entrega e correcta realización das actividades da 3ª Avaliación.</li> </ul>  |
| <b>PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>No caso de ser presencial:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Proba escrita: 100% Cualificación</li> </ul> </li> <li>• <b>No caso de non ser presencial:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Entrega de traballo/actividades: 100% Cualificación</li> </ul> </li> </ul> |
| <b>ALUMNADO DE MATERIA PENDENTE</b>     | En 4º Música non hai alumnos/as con a materia pendente   |

| <b>3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE</b> |  |
|---|--|
| <b>ACTIVIDADES</b>                                  | <b>ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN</b>   |
|   | <p>Dirixidas ao alumnado con avaliacións anteriores suspensas, co fin de que poidan recuperalas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Material individualizado para o alumnado que terá que entregar.</li> <li>• Entrega dos traballos realizados durante o 3º trimestre</li> </ul>  |
|   | <b>ACTIVIDADES DE REPASO</b>   |
|   | <p>Dirixidas a consolidar as aprendizaxes do 1º e 2º trimestre.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Fichas con actividades</li> </ul>   |
|   | <b>ACTIVIDADES DE REFORZO</b>  |
|   | <p>Tarefas dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe .</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades individualizadas: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Fichas con actividades</li> </ul> </li> </ul>   |
| <b>METODOLOXÍA</b>                                  | <b>ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN</b>   |
|   | <p>Son as que permiten continuar construíndo coñecementos e afondar neles para superar con facilidade os obxectivos propostos. Estas actividades pódense plantexar cun nivel superior de elaboración ou tamén solicitar que as realicen cun maior grado de autonomía.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballos de investigación.</li> </ul>                          |
|   | <b>ALUMNADO CON CONECTIVIDADE</b>  |
|   | <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Proposta de actividades semanalmente na Web do centro.</li> <li>○ Correccións semanais na web do centro / corrección individual por correo electrónico.</li> <li>○ Resolución de dúbidas: <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Correo electrónico.</li> <li>▪ Videoconferencia.</li> <li>▪ Chamada telefónica.</li> </ul> </li> </ul> |

| <b>4. Información e publicidade</b>          |  |
|--|--|
| <b>INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Abalarmóbil</li> <li>• Correo electrónico</li> <li>• Web do centro</li> </ul>                               |
| <b>PUBLICIDADE</b>                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</li> <li>• Aviso de publicación por Abalarmóbil</li> </ul> |